

# CiUG

Comisión Interuniversitaria de Galicia

# CiUG

## Respostas

**Ás preguntas máis  
frecuentes sobre a admisión  
na universidade**



## 1. Admisión nas Universidades Galegas

### 1.1 Como se pode saber de antemán a nota mínima que esixirá a Universidade para entrar nunha titulación con límite de prazas?

A Universidade non esixe notas mínimas para ningunha titulación. A limitación establécese pola capacidade das facultades ou escolas universitarias, polo que todo depende do número de prazas que se oferten e do número de solicitantes. Se hai moitos solicitantes e con notas moi altas, ese ano a nota do último admitido (que é o que se adoita chamar a **nota mínima**, ou a “**nota de corte**”) será moi alta; e se hai poucos nun ano determinado ou teñen notas máis baixas cós do ano anterior, daquela a nota do último admitido descende.

### 1.2 Que é o *numerus clausus* dunha determinada titulación?

É o número máximo de alumnos de novo ingreso que se admiten cada ano nesa titulación e varía moito duns estudos a outros, e tamén dunha universidade a outra.

### 1.3 Cando se ten que establecer a orde de preferencia entre as titulacións?

No momento de solicitálas na petición que se ten que cubrir (a chamada “preinscrición”) solicítanse as titulacións na orde de preferencia que se queira, e esa orde será tida en conta pola CiUG para efectuar a adxudicación de prazas.

### 1.4 Cal é a nota que se ten en conta para a admisión na Universidade?

A **calificación definitiva** para o acceso á universidade dos alumnos de PAAU calcularase ponderando un 40 por 100 a cualificación da proba e un 60 por 100 a nota media do expediente académico. A nota das PAAU ten que ser igual ou superior a catro puntos e a cualificación definitiva terá que ser igual ou superior a cinco puntos.

### 1.5 Que importancia ten a orde na que se pidan as titulacións?

É determinante, xa que, no caso de que pola nota poidérase ser admitido en varias titulacións, só se obterá praza nunha delas: naquela que se solicite con maior preferencia (ver tamén as respostas ás preguntas 1.6, 1.10, e 1.18).

### 1.6 Se conceden a praza que se solicita como primeira preferencia, pero se desexa formalizar a matrícula na que se solicita en segundo lugar, ¿pódese facer?

Non. Unha vez outorgada unha das prazas solicitadas, anuláanse todas as titulacións que figuren nunha orde de preferencia inferior á concedida, pois as prazas das titulacións que se pediron con menor preferencia son inmediatamente asignadas a outros solicitantes. Polo tanto, é moi importante elixir as carreiras de maneira meditada, xa que a orde de preferencia non se vai poder cambiar unha vez procesadas as peticións.

### 1.7 É certo que os que aproban as PAAU en xuño teñen prioridade á hora de elixir praza sobre os que aproban en setembro?

Sí, sempre que exerzan o seu dereito a solicitar praza (é dicir, fagan a preinscrición) en xuño, e non agarden a setembro para presentar a súa solicitude.

### 1.8 Se curso o Bacharelato LOXSE pola opción 1 (Científico Tecnolóxica), aprobo as PAAU en xuño e quero estudar Enfermería, ¿cal será a miña posición nas listaxes de admisión?

Estarán por diante todos os que aprobaron as PAAU en xuño (ou en calquera outra convocatoria anterior) e cursaron as PAAU pola vía 2 (Ciencias da Saúde) aínda que obtivesen menor nota. Se con eles se cubre o *numerus clausus*, non se che concederá praza. Figurará na mesma lista dos que aprobaron as PAAU en xuño (ou en calquera outra convocatoria de anos anteriores) e cursaron as PAAU polas vías 3, 4 e 5, ordenados pola “nota definitiva” obtida nas PAAU. O mesmo procedemento se aplicará nas listaxes dos aprobados na convocatoria de setembro.

### 1.9 Se teño aprobado o COU pero non as PAAU, e quero estudar unha titulación de só primeiro ciclo, por exemplo, Maxisterio, ¿que solicitantes terei por diante?

Podes solicitar praza porque para as titulacións de ciclo curto (Diplomaturas, Enxeñarías Técnicas e Mestres), poden facer a solicitude os alumnos de COU. Pero terás por diante a todos os que teñan as PAAU aprobadas, tanto en xuño como en setembro, e a todos os que teñan aprobado o COU, e acaden mellor nota, mantendo a prioridade dos que aprobaron o COU en xuño ou en convocatorias de anos anteriores, sobre os da convocatoria de setembro.

**1.10 Se se me concede praza en Enxeñaría Informática, que solicitei como terceira preferencia, pero non me matriculo nesta titulación, ¿mantense a petición para a Enxeñaría de Camiños e para a Enxeñaría de Telecomunicacións, que elixín en primeiro e segundo lugar respectivamente?**

Sí. Non se perde ningún dereito sobre as titulacións solicitadas con maior preferencia cá concedida, ata que se proceda ao peche de matrícula nesas titulacións.

**1.11 Se se aproban as PAAU na convocatoria de setembro e non se obtén a praza que se desexa, ¿pódese volver solicitala praza o vindeiro ano?; ¿terase algunha prioridade ou algunha desvantaxe respecto dos que aproben as PAAU no ano que vén?**

Pódese volver solicitala praza na convocatoria de xuño do ano seguinte, e a petición estará en igualdade de condicións cos que aproben a Selectividade en xuño; é dicir, estarase situado no mesmo grupo que eles, ordenado segundo a nota obtida nas PAAU e tendo en conta a vía de acceso do Bacharelato LOXSE ou a opción de COU cursada nas PAAU. Polo tanto, irase diante dos que aproben as PAAU en setembro dese ano.

**1.12 Teñen prioridade para acceder á Universidade os que aproban as PAAU no mesmo ano en que solicitan o ingreso?**

Non.

**1.13 Teñen prioridade para acceder á Universidade os que xa solicitaron praza en anos anteriores e non obtiveron a titulación desexada?**

Non. Entran na mesma listaxe dos que aproben as PAAU en xuño dese ano, na orde que lles corresponda segundo as notas e a vía de acceso do Bacharelato LOXSE ou a opción de COU.

**1.14 Se non se fai a preinscrición en xuño, a pesar de ter aprobadas PAAU, ¿pódese facer en setembro?**

Sí, pero tendo en conta que xa se perdeu a prioridade á que se tiña dereito sobre os que aproben en setembro. Figurarase na lista segundo a nota e a vía de acceso do Bacharelato LOXSE ou a opción de COU cursada nas PAAU, pero dentro do bloque dos de setembro.

**1.15 Que teño que facer para cambiarme de carreira despois dun ano?**

Se a nova carreira que queres iniciar ten límite de prazas, tes que solicitar de novo o ingreso na Universidade nas mesmas condicións que se non tiveras cursado nada. Pola contra, se a nova titulación non ten limitación, o único que tes que facer e estar pendente do prazo de matrícula. En ambos os dous casos, deberás estar en posesión da titulación necesaria que se esixe para a titulación de novo ingreso. Por exemplo, se estiveches matriculado nunha Diplomatura ou Enxeñaría Técnica (carreiras de 3 cursos) onde ingresaches coa titulación de COU, para poder cambiar a unha Licenciatura ou Enxeñaría Superior, é imprescindible ter aprobada a Selectividade.

**1.16 Que ocorre se me conceden unha praza na titulación solicitada en primeira preferencia e non formalizo a matrícula no prazo indicado?**

Considerarase como unha renuncia á praza concedida, polo que automaticamente a devandita praza pasa a ser outorgada ao seguinte solicitante.

**1.17 Se pido praza en tres titulacións distintas e non me conceden ningunha delas, ¿que teño que facer para volver pedir praza noutras titulacións?**

Non se pode modificar ou ampliar a preinscrición unha vez presentada. Polo tanto debes pedir o máximo número admisible de prazas na solicitude (cinco titulacións distintas e ata un máximo de dez solicitudes).

**1.18 Pódese cambiar a orde das titulacións unha vez feita a solicitude?**

Non. Unha vez procesadas as solicitudes, as prazas son asignadas respectando escrupulosamente a orde de preferencia libremente elixida.

**1.19 Que pasa se se produce algún erro nos datos da preinscrición, sexa sobre as preferencias ou sobre a nota das PAAU?**

Ao publicarse as listaxes de admitidos, hai un prazo para reparar os posibles erros. Hai que presentar nos LERDs a reclamación por escrito no prazo de matrícula correspondente á listaxe publicada e utilizando o impreso específico contido nos sobres de matrícula ou nos sobres de documentación.

teléfono de consulta da CiUG:

**981-528 080**

### **1.20 Unha vez presentada a solicitude de prazas ¿que hai que facer?**

Hai que estar pendente das listaxes de admitidos que se irán publicando segundo o calendario de preinscrición e de matrícula que figura no reverso deste impreso e na Guía de acceso ao Sistema Universitario de Galicia.

### **1.21 Avisarán persoalmente se se concede unha praza?**

Se o ten solicitado, se lle facilitará información mediante unha mensaxe ao seu teléfono móbil ou correo electrónico. De todas formas, a comunicación oficial é a publicación das listaxes de admitidos (nos LERDs e na páxina web da CIUG).

### **1.22 Pódese consultar a listaxe de espera dunha titulación que interesa?**

Sí. En cada LERD dos sete Campus das tres Universidades desta Comunidade Autónoma e na CIUG están a disposición do alumnado todas as listaxes de admitidos e de espera das titulacións.

### **1.23 Se se quere estudar unha titulación sen límite de prazas, ¿que hai que facer?**

Neste caso, unicamente é necesario estar en posesión da titulación que da acceso á Universidade, e matricularse nela nos prazos que estableza a Universidade que a imparte (do 1 de xullo ata finais do mes de outubro, agás no mes de agosto).

### **1.24 Teño o COU aprobado pero non me vou presentar ás PAAU. ¿Cando debo facer a solicitude de ingreso?**

No prazo de solicitude anticipada de setembro (do 1 ao 18 de setembro).

### **1.25 Onde se me poden clarexar as dúbidas que poida ter acerca de todo o proceso?**

Nos LERD dos sete Campus das tres universidades; nas oficinas de información universitaria das tres universidades (OIU, SIOPE, SAPE) e no teléfono de consulta da CIUG (**981.52 80 80**) que estará a disposición do alumnado das 9,00 ás 14,00 horas. Finalmente, na INTERNET no enderezo [www.cesga.es/ciug/](http://www.cesga.es/ciug/)

### **1.26 Teño a titulación de Formación Profesional de 2º grao e tamén as PAAU aprobadas. Podo facer dúas solicitudes, unha por FP e outra por PAAU?**

Neste caso pódense solicitar cinco titulacións diferentes pola modalidade de FP e outras cinco pola modalidade de PAAU. Ademais, todo o alumnado que poida solicitar o ingreso por máis dunha vía de acceso poderá facer uso de dita posibilidade, sinalando no impreso as vías de acceso polas que se solicita a admisión.

### **1.27 Teño a titulación de Formación Profesional de 2º grao e o COU, sen PAAU, pero penso presentarme ás probas durante este curso. Como teño que facer para solicitar as titulacións con límite de prazas?**

Deberás facer a solicitude de admisión no mesmo prazo que corresponde aos que se presentan as PAAU. Nese momento, se aprobaches as PAAU, procederás da forma que se indica na pregunta 1,26. Se non aprobas as PAAU, no caso de queres utilizar a dobre modalidade de acceso, na convocatoria de xuño só poderás facer a solicitude pola modalidade de FP, solicitando ata cinco titulacións diferentes correspondentes á devandita modalidade, podendo ampliarse ata un máximo de dez no caso de titulacións iguais impartidas en diferentes centros. No caso de non te presentares ás PAAU de setembro, nesta convocatoria só poderás solicitar pola modalidade de COU as titulacións que che resten ata completares o máximo de dez solicitudes (por exemplo o alumno que faga sete solicitudes na convocatoria de xuño pola modalidade de FP, na convocatoria de setembro só poderá facer tres solicitudes pola modalidade de COU, que se incorporarán a continuación das solicitadas en xuño). En todo caso, estas titulacións **terán que ser diferentes ás solicitadas en xuño**. Polo tanto, o alumnado que na convocatoria de xuño teña realizado pola modalidade de FP **as dez solicitudes, non poderá facer uso na convocatoria de setembro da solicitude pola modalidade de COU ou PAAU**.

correo electrónico  
**ciug@cesga.es**

website internet  
**www.cesga.es/ciug/**  
información e dúbidas  
de todo o proceso

## 2. Admisión noutras Universidades Españolas

### 2.1 Quen pode informar sobre o que se ten que facer para ir estudar a outra Universidade?

Non hai ningún organismo central de información que coordine os procesos de admisión de alumnos nas distintas universidades españolas. As universidades privadas poden poñer os seus propios requisitos (académicos ou doutro tipo) adicionais aos legalmente esixidos para realizar uns determinados estudos; e as universidades públicas non esixen máis do que está legalmente establecido, pero, facendo uso da súa autonomía, si establecen os seus propios procedementos de prazos, modelos de solicitudes, etc. Os LERD darán a coñecer toda a información que teñan en cada momento sobre as demais universidades pero non pode garantirse que dispoñan de toda a información aplicable ao caso. O mellor é que se solicite a información á universidade que interese.

### 2.2 Como se poden iniciar estudos polo réxime ordinario noutro Distrito en titulacións con límite de prazos?

Os estudantes que pretendan iniciar estudos noutro Distrito Universitario distinto estarán en pé de igualdade cos estudantes do mesmo Distrito, xa que no curso académico 2004-2005 se implantou na súa totalidade o Distrito Abierto, que faculta os alumnos para iniciaren estudos universitarios na universidade da súa elección, independentemente do Distrito Universitario no que superase as probas.

### 2.3 Como se poden iniciar estudos noutro Distrito en titulacións sen límite de prazos?

Hai que solicitalo na universidade á que se pretenda acceder nas condicións e prazos que esta determine. Neste caso non se aplican as normativas que rexen para as titulacións con límite de prazos.

### 2.4 Que é o Distrito Abierto?

O Distrito Abierto consiste en ofrecer a todos os estudantes de calquera parte do territorio nacional a posibilidade de cursaren os seus estudos superiores na Universidade Pública que desexen, independentemente do seu

lugar de orixe; sendo, en todo caso, os dereitos dos estudantes procedentes doutras Comunidades Autónomas os mesmos cós dos estudantes da Comunidade Autónoma elixida. Poderán solicitar praza por Distrito Abierto tódolos estudantes que reúnan as exixencias legais (R.D. 69/2000, do 21 de xaneiro; BOE do 22-01-2000). En ningún caso poderá adxudicarse praza por Distrito Abierto a estudantes que teñan unha cualificación definitiva inferior á máis baixa outorgada ao último alumno do Distrito propio para obter praza na ensinanza solicitada.

### 2.5. Cando se implanta o Distrito Abierto?

Dende o curso académico 2004-2005 está implantado na súa totalidade.

### 2.6. Como e onde se solicita praza por Distrito Abierto?

Os estudantes presentarán as súas solicitudes de ingreso na Universidade ou Universidades onde desexen realizar os seus estudos, tendo en conta os procedementos para a solicitude e adxudicación de prazas fixados polas Comunidades Autónomas.

### 2.7. Cando se pode solicitar praza por Distrito Abierto?

Os calendarios de solicitude e adxudicación de prazas fixados polas Comunidades Autónomas deberán respectar as seguintes datas para o curso 2008-2009:

▼ Data límite de preinscrición: 3 de xullo de 2009.

▼ Data límite para a publicación de listaxes de admitidos: 24 de xullo de 2009.

▼ Data mínima do inicio do período de matriculación: 24 de xullo de 2009.

### 2.8. Pódese compatibilizar a solicitude por Distrito Abierto coa solicitude de admisión no Sistema Universitario de Galicia?

Si, é perfectamente compatible. No prazo fixado pola CiUG pódese realizar a solicitude no SUG e no prazo determinado por cada Universidade facer a solicitude por Distrito Abierto. Se se lle adxudica praza no SUG, estando á espera da resolución por Distrito Abierto, deberá matricularse na titulación adxudicada, podendo despois darse de baixa nela, no caso de obter praza por Distrito Abierto.

**LERDs****Lugares de Entrega  
e Recollida de Documentación****LERD 1****CAMPUS SUR DE SANTIAGO**

Servizo de Xestión Académica

Pavillón Estudiantil, 2º piso – Campus Universitario Sur

**Información OIU: 902 10 10 22 • 981 54 71 11 • Fax: 981 59 51 17****Correo: oiusec@usc.es**

15782 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

**LERD 2****CAMPUS DE LUGO**

Edificio Biblioteca Intercentros, planta baixa

Campus Universitario

**Teléf: 982 28 59 00 • Fax: 982 28 59 07****Correo: alu351@si.usc.es**

27002 – LUGO

**LERD 3****CAMPUS DA CORUÑA**

Pavillón de Estudiantes – Campus de Elviña

**Información: 981 16 71 96 • Fax: 981 16 71 98****Correo: lerdcoruna@udc.es**

15192 – A CORUÑA

**LERD 4****CAMPUS DE FERROL**

Campus de Esteiro – Edificio de Usos Administrativos, planta baixa

**Información: 981 33 74 51 • Fax: 981 33 74 56****Correo: lerdfer@udc.es**

15403 – FERROL

**LERD 5****CAMPUS DE VIGO**

Campus Lagoas Marcosende, s/n – Edificio Miralles

**Teléf: 986 81 37 71-72 / 986 81 26 88 • Fax: 986 81 36 33****Correo: alumnado01@uvigo.es**

36200 – VIGO

**LERD 6****CAMPUS DE OURENSE**

Unidade Administrativa – Área de Servizos á Comunidade

Campus As Lagoas

**Teléf: 988 38 71 02 • Fax: 988 38 71 65****Correo: siopie-ou@uvigo.es**

32004 – OURENSE

**LERD 7****CAMPUS DE PONTEVEDRA**

Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal – Área de Servizos á Comunidade

Campus A Xunqueira

**Teléf: 986 80 19 49 • Fax: 986 80 19 07****Correo: xascopo@uvigo.es**

36005 – PONTEVEDRA

# Calendario de solicitudes de **ADMISIÓN e MATRÍCULA** en titulacións con **LÍMITE DE PRAZAS** do S.U.G.

## XUÑO

- 3-26 SOLICITUDE ANTICIPADA  
(ver apartado 3.5.1. da Guía de Acceso)

## XUÑO-XULLO

- 30 xuño-  
2 xullo SOLICITUDE ORDINARIA  
(ver apartado 3.5.1. da Guía de Acceso)

## XULLO

- 1-31 SOLICITUDE ESPECIAL: TITULADOS UNIVERSITARIOS  
(ver apartado 3.5.1. da Guía de Acceso)
- 7 SOLICITUDE EXTRAORDINARIA (ver apartado 3.5.1. da Guía de Acceso)
- 13 SOLICITUDE EXTRAORDINARIA (ver apartado 3.5.1. da Guía de Acceso)
- 14 EXPOSICIÓN NA INTERNET DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN  
(A partir das 16,00 horas) (datos persoais, académicos e de preinscrición dos solicitantes)
- 15-16 RECLAMACIÓN AS LISTAXES PUBLICADAS NA INTERNET O DÍA 14
- 20 PUBLICACIÓN DA 1ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE ESPERA  
(Exposición na Internet) (A partir das 15,00 horas)
- 21-23 RECLAMACIÓN AS LISTAXES DE ADMITIDOS E DE ESPERA
- 21-23 PRIMEIRO PRAZO DE MATRÍCULA
- 27 PUBLICACIÓN DA 2ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE ESPERA  
(A partir das 15,00 horas)
- 28-30 SEGUNDO PRAZO DE MATRÍCULA

## SETEMBRO

- 1-3 TERCEIRO PRAZO DE MATRÍCULA  
(Publicación da 3ª listaxe de admitidos e de espera: día 27 de agosto)
- 1-18 SOLICITUDE ANTICIPADA (ver apartado 3.5.2. da Guía de Acceso)
- 28-30 SOLICITUDE ORDINARIA (ver apartado 3.5.2. da Guía de Acceso)

## OUTUBRO

- 2 SOLICITUDE EXTRAORDINARIA (ver apartado 3.5.2. da Guía de Acceso)
- 5 PUBLICACIÓN DA 4ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE ESPERA  
(A partir das 20,00 horas – Inclúe aos solicitantes da convocatoria de setembro).
- 6-8 CUARTO PRAZO DE MATRÍCULA  
(Publicación da 4ª listaxe de admitidos e de espera: día 5 de outubro).  
1º Prazo de matrícula para alumnos de setembro.
- 6-8 RECLAMACIÓN AS LISTAXES DE ADMITIDOS E DE ESPERA
- 8 SOLICITUDE EXTRAORDINARIA (ver apartado 3.5.2. da Guía de Acceso)
- 14-16 QUINTO PRAZO DE MATRÍCULA  
(Publicación da 5ª listaxe de admitidos e de espera: día 13 de outubro).
- 21-23 SEXTO PRAZO DE MATRÍCULA  
(Publicación da 6ª listaxe de admitidos e de espera: día 20 de outubro).
- 28-30 DERRADEIRO PRAZO DE MATRÍCULA  
(Publicación da derradeira listaxe de admitidos: día 27 de outubro).





## Farás o que sexa, para manterte novo

É poder gozar das vantaxes da tarxeta  
NetClub Caixa Galicia:

- DESCONTOS NOS MELLORES CONCERTOS
- SORTEOS, PROMOCIONS
- AGASALLOS EXCLUSIVOS

E paga online a túa matrícula  
coa túa tarxeta NetClub.

Infórmate en [www.caixagalicia.es/netclub](http://www.caixagalicia.es/netclub)



**CAIXA GALICIA**  
netclub